

Novidades na avaliación, promoción e titulación na formación profesional básica

Normativa de referencia:

- [Lei orgánica 3/2020](#), LOMLOE.
- [Real Decreto 984/2021](#), polo que se regulan a avaliación e a promoción na Educación Primaria, así como a avaliación, a promoción e a titulación na ESO, BAC e FP.
- [Orde de 25 de xaneiro de 2022](#), pola que se actualiza a normativa de avaliación das ensinanzas de Primaria, ESO e BAC no sistema educativo de Galicia.

Novidades para 1º de FPB (Orde 25/01/2022)

As novidades que se aplican no curso 21/22 son as seguintes:

- A avaliación final de módulos do alumnado do primeiro curso dos ciclos da formación profesional básica deberá realizarse a partir do día 6 de xuño de 2022.
- A avaliación final extraordinaria do primeiro curso dos ciclos da formación profesional básica deberá realizarse a partir do día 23 de xuño de 2022.

Novidades para 2º de FPB (Orde 25/01/2022)

A superación da totalidade dos módulos incluídos nun ciclo de formación profesional básica conducirá á obtención do título de graduado en educación secundaria obrigatoria.